




SERRA DA GROBA

Adela Leiro, Mon Daporta
maio 2018




Distancia: 100 km (circular aprox en vehículo) + camiñadas
Dificultade: baixa

A serra está formada por varias ringleiras de montes que irradian do monte da Groba cara a todas direccións menos ao norte: ao noroeste remata, ao pé do mar, no alto de Cabo Silleiro; ao oeste no Facho; ao sur, seguindo a liña da costa, están os montes máis coñecidos e os que ofrecen as máis fermosas panorámicas da contorna costeira (o Corroubelo, A Valga e o Torroso); cara ao surlleste o Fonte Salgueiro e o Lousado, entre Oia e Tomiño; e cara o leste os que separan os concellos de Tomiño e Gondomar.


É unha serra de cumes redondeados e achairados entre os que se xuntan as augas que alimentan numerosos regatos de curto percorrido e fortes pendentes, con vales estreitos e fervezas, que desaugan directamente no mar ou van ao Miño polo Tamuxe, o seu último afluente pola dereita, que é o curso fluvial máis importante da área e drena a serra polo leste; e tamén destaca, máis polo seu estreito e profundo val que polo seu caudal, o río da Groba.

Está exposta ao vento pola fachada marítima e ten zonas abrigadas cara ao interior que acollen as brañas e os pasteiros que aproveita o gando criado en semiliberdade (cabalos, vacas e ovellas) e abas nas que hai extensas plantacións de piñeiros e eucaliptos con pequenas manchas residuais de especies autóctonas e algunhas plantacións de frondosas.

Ademáis da riqueza natural (sobreiral do Faro, fentos arbóreos do rego do Vilar) e paisaxística (as vistas que se abranguen desde os cumes e os numerosos puntos panorámicos, varios deles acondicionados, algúns espectaculares e imprescindibles para gozar de paisaxes únicas) a serra da Groba é merecente dunha visita polos seus valores histórico-artísticos e etnográficos (acolle castros e gravados rupestres, ten varias áreas de lecer, curros nos que se celebran rapas das bestas, muíños...). Percorrela da, por suposto, para varios días, para longas camiñadas, numerosos roteiros curtos e visitas puntuais: muíños do Folón e o Picón, pozas de Loureza, pozo do Arco en Bonaval -Burgueira, fervezas do río Cal, ruta máxica de Oia, pozas de Mougás,...



- 1-Cabo Silleiro
 - 2-Curro Mougás
 - 3-Pozas de Mougás
 - 4-Sobreiral do Faro
 - 5-Miradoiro das Penizas
 - 6-Miradoiro do castro da Chavella
 - 7-Curro da Valga
 - 8-Sartegos de Marzán
 - 9-Monte Tegra
 - 10-Muíños do Folón e do Picón
 - 11-Fervezas do río Cal
 - 12-Pozas do Tamuxe (Loureza)
 - 13-Pozo do Arco (Bonaval)
 - 14-Monte da Groba
 - 15-Miradoiro do Cortelliño
 - 16-Brañas de Pinzás
 - 17-Curro de San Cibrán
- estradas
— pistas e carreiros



PERCORRIDO

ACCESOS Baiona, Oia, O Rosal.

Un cento de quilómetros, cos desvíos e camiñadas, para completar un itinerario circular pola propia serra e algúns dos lugares emblemáticos dos arredores.

Pola costa de Baiona á Guarda, onde a nosa atención vai estar dividida a partes iguais entre o mar e o monte, permítenos una vista da serra desde fóra e atoparemos o **cabo Silleiro**, **Mougás** (coa posibilidade de achegarse ás pozas e ao curro), **Viladesuso** (onde se atopa o sobreiral), **Oia** (núcleo e mosteiro, con roteiro a castros, miradoiros e petróglifos) e **A Guarda** (vila, castro e monte do Tegra, e desembocadura do Miño). Da Guarda imos ao **Rosal** para pasar polos **muíños do Folón e o Picón**, as **fervenzas do río Cal** e seguir a Loureza (**pozas do Tamuxe**), Burgueira (**Pozo do Arco**), e antes de chegar a Torroña coller o desvío a Oia e subir aos **miradoiros das Penizas e do castro da Chavella**, ou só a este último, ver, uns metros máis adiante, o **curro da Valga**, e volver para subir ao alto da serra e agora, xa polos cumes, achegarse ao **monte da Groba** para contemplala en toda a súa extensión, gozar despois da impresionante panorámica do **Cortelliño**, e baixar a Baiona pasando ao pé da monumental **virxe da Rocha**. Tamén é de interese para completar o coñecemento da serra achegarse ás **brañas de Pinzás**, en Tomiño, preto das que se atopa o **curro de san Cibrán**, xa en Gondomar.



POZAS DE MOUGÁS

No rego das Pías, afluente do Mougás.

Na estrada A Guarda-Baiona, cóllese o cruce a Mougás e séguese a estrada que pasa á dereita da igrexa cara ao monte. A 2 km hai un desvío á esquerda que chega ata as pozas.



Oia, co mosteiro no primeiro plano



Cabo Silleiro



Curro de Mougás



Sobreiral de Viladesuso



A Guarda (vista desde o Tegra)

POZAS E FERVENZAS DO TAMUXE

Deixamos o coche ao pé da ponte de **Refoxos**, na estrada onde se cruza o río e podemos ver, río abaixo a uns 50 m da ponte, a primeira ferverza. Remontando o río pola marxe esquerda, ata chegar enfronte da minicentral, iremos vendo unha sucesión de pozas e saltos. A esta zona tamén se pode acceder por unha pista de terra que sae un pouco máis adiante.

Distancia: 3 km ida e volta (a pé).

Desprazámonos ata Burgueira e seguindo a estrada de Tomiño chegamos a **Bonaval** onde collemos un desvío á dereita e logo a primeira pista que baixa á esquerda e seguindo polos cruces sempre á esquerda chegamos ao río nunha zona con muíños, onde hai varias ferverzas e pozas (coñecida como **Pozo do Arco**). Pódese seguir río abaixo ou volver á primeira bifurcación e coller á esquerda seguindo o camiño máis preto do curso do río desde o que se ven outros saltos e pozas. Pódese continuar ata a zona da minicentral. Un pouco antes de chegar á minicentral un rego bótase no Tamuxe formando unha ferverza duns 30 m de altura, con pouca auga.

Distancia: 6 km ida e volta (a pé).



Pozo do Arco



MUÍÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN

Varios grupos de muíños escalonados que aproveitan as augas dos río dos Cal e do Folón.

Desde O Rosal está indicada a ruta muíños do Folón e do Picón. Un percorrido circular permite pasar polos dous conxuntos de muíños. Na época de chuvias pódese gozar mellor das ferverzas. No camiño hai varios miradoiros con vistas ao Rosal e o esteiro do Miño.



Pozas do Tamuxe



FERVENZAS DO RÍO DO CAL

Pola estrada de O Rosal a Loureza crúzase o río, ao pouco de pasar As Cruces (Fornelos) e antes de chegar a Acevedo. Preto do comezo hai varias pozas e pequenos saltos. Seguindo río arriba, pola marxe esquerda (podemos facelo polo cortalumes) chegamos a un depósito de auga do que parten dous carreiros que levan a dúas das ferverzas máis altas ás que se baixa con certa dificultade. Máis arriba hai outra e, por debaixo do vao polo que se cruza o río un grupo de catro de moita altura. Seguindo a pista pasamos preto dos muíños do Picón e chegamos á cabeceira dos muíños do Folón, de onde sae unha pista á dereita que sube ao monte e achégase de novo ao río Cal. Neste tramo hai unha ferverza grande, o atranco do que parte a canle que leva a auga aos muíños do Folón e Picón e varias máis pequenas. A ruta remata nunha escorregadoira e un grupo de muíños arruinados ao pé da ponte que cruza o río.

A maior parte da ruta faise polo concello do Rosal e remata no concello de Oia. Tamén se podería facer partindo das rutas dos muíños do Picón e do Folón.



Miradoiro das Penizas



Vista desde o monte Corroubelo cara ao Facho



Castro da Chavella



Vista desde o miradoiro do Castro da Chavella cara ao monte Corroubelo



Vista desde o miradoiro do Castro da Chavella cara a Oia



Cumes da Groba



Curro da Valga



A Valga



Fonte Salgueiro e val do río da Groba



Alto da Groba



Alto da Groba e ria de Vigo



Vista desde o Miradoiro do Cortelliño: A Ramallosa, esteiro do Miñor, Panxón...



Área de lecer do Chan da Lagoa



Brañas de Pinzás



Curro de San Cibrao (Gondomar)



Cabalos no monte da Groba